

LINGUA PORTUGUESA 1º DE BACHARELATO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/2022

DTO. LINGUA GALEGA E LITERATURA
IESP AMES

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS	4
3. OBXECTIVOS	4
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	5
5. CONTIDOS SINTÁCTICOS-DISCURSIVOS	8
6. MÍNIMOS ESIXIBLES	10
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	11
8. AVALIACIÓN.....	11
8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	11
8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	12
8.3 AXUSTES PARA UN ENSINO NON PRESENCIAL.....	13
9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.	14
10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	14
10.1. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.....	14
10.2. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.....	15
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	16

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación de Lingua Portuguesa para o Cuarto Curso da ESO debería ser unha continuación do que estes alumnos e alumnas estudaron xa no Terceiro da ESO, pero no noso caso, sendo este o primeiro ano que van ter ensino da Lingua portuguesa, debemos prestarlle non só atención a cuestións puramente lingüísticas (conxugación verbal, flexións morfolóxicas, nivel léxico, etc.), senón tamén a realizar un adecuado achegamento á lingua portuguesa, en especial tratando a ortografía e a pronuncia, sempre sen abandonar o coñecemento da cultura de expresión galego-portuguesa, co obxecto de coñecer a súa importancia histórica e a súa presenza no mundo.

É imprescindible que o/a alumno/a interactúe non só co profesor senón tamén con compañeiros e compañeiras, e para iso preténdese que o aprendiz/a se involucre nas tarefas e coñeza a súa finalidade. Con este propósito, levaranse a cabo actividades e tarefas flexibles e dinámicas, que se parezan ao tipo de actividades que o/a alumno/a tería que levar a cabo na vida real, tendo en conta os obxectivos lingüísticos perseguidos, do mesmo xeito que a súa integración global no proceso de aprendizaxe.

Así, cunha dificultade gradual, o/a alumno/a entrará en contacto con situacións que simulen o mundo real. As explicacións gramaticais e os exercicios formais serán e este nivel, unicamente, un complemento e unha axuda para dotar de eficacia a comunicación, e virán solicitados pola necesidade de expresar o que se quere comprender ou transmitir.

Para a realización das tarefas utilizaranse materiais concretos, que permitirán ao alumno/a entrar en contacto directo cos usos e características da cultura portuguesa.

A competencia comunicativa que se agarda que alcancen alumnos e alumnas ao final do curso é a correspondente ao desenvolvemento da capacidade de comunicarse oralmente e por escrito, o que implica a interiorización dos recursos lingüísticos, o achegamento á realidade sociocultural e o desenvolvemento da capacidade de aprender, de acordo co definido nos obxectivos e nos criterios de avaliación incluídos nesta Programación. Todos estes aspectos plásmanse nas actividades comunicativas de interacción, comprensión e expresión orais e escritas e a través delas poden ser avaliados.

2. CONTRIBUCION AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os contidos están orientados a conseguir o desenvolvemento da competencia pragmática e comprenden os seguintes aspectos:

- Textos orais en interacción: contactos sociais (saúdos, despedidas, presentacións, agradecementos, felicitacións, desculpas).
- Conversacións (cara a cara) de carácter informal e interaccións de carácter formal nas situacións máis cotiás.
- Intercambios sinxelos de información: persoal, gustos, accións, indicacións, cantidades, prezos, datas e horas.
- Preguntas e respostas (cara a cara) para pedir e ofrecer bens e servizos e para controlar a comprensión (na clase, en servizos públicos, en restaurantes, etc.).
- Felicitacións e invitacións e expresión de desexos.

3. OBXECTIVOS

Ao finalizar o 4º curso de Lingua Portuguesa, o alumno estará capacitado para:

- Utilizar o idioma que aprende como medio de comunicación, tanto na clase como nas situacións cotiás, presenciais ou virtuais, de forma sinxela pero adecuada e eficaz.
- Achegarse aos aspectos sociais relevantes das situacións da vida cotiá e utilizar as formas de relación social e de tratamento máis usuais.
- Interiorizar os recursos lingüísticos necesarios nesas situacións, a través da práctica funcional e formal.
- Fomentar a motivación de entrada e buscar ocasións de ensaiar coa nova lingua, incluídas as que proporcionan as novas tecnoloxías da comunicación.
- Adestrarse no uso de estratexias que axilicen a comunicación e que faciliten a aprendizaxe.
- Informar sobre aspectos básicos da lingua e da cultura galego-portuguesa, tocante á súa importancia histórica, presenza no mundo e relevancia artística e literaria.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, preguntas sobre sobre asuntos persoais ou educativos prácticos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, etc), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados cós mesmos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Entende informacións relevantes do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudo), sempre que se fale a modo e con claridade.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, a modo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o dito.
<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese, familiares e predicibles, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes vehiculan grande parte da mensaxe.

Estándares de aprendizaxe

Bloque 2. Producción de textos orais

- SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido das mesmas.
- SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambiando información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender, aínda que o interlocutor necesite que se repita ou repetir o dito.
- SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades), segundo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento) facéndose comprender aínda que o interlocutor necesite que se repita ou repetir o dito.
- SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversación formal, reunión ou entrevista (por exemplo para realizar o curso de verán), aportando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou de interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.
- SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.
- SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala dun mesmo, se describen persoas, obxectos, lugares e actividades, se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

Estándares de aprendizaxe

- SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo unha bolsa para realizar un curso de idiomas).
- SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que se poida reler as seccións difíciles.

Bloque 4. Producción de textos escritos

- SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo canceláanse, confirman ou modifican unha invitación ou uns plans) e se expresan opinión de xeito sinxelo.
- SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, intereses ou afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).
- SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e da etiqueta máis importantes.
- SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observando as convencións e normas de cortesía básica deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

- SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Estándares de aprendizaxe

- SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.
- SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.
- SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.

5. CONTIDOS SINTÁCTICOS-DISCURSIVOS

* Expresión de relacións lóxicas: *conjunção (não só... como também; não só... também), disjunção (ou, ou... bem), oposição / concessão (mas, mesmo assim... embora), causa (por causa disso, daí que), finalidade (para + infinitivo para que), comparação (mais/ menos/ tão/ tanto + Adj. /Advérbio / S + (do) que /como/ quanto); superlativo relativo (p. ex. o rapaz mais distraído da turma); resultado (assim, portanto); condição (se, sem); discurso indireto (informações, oferecimentos, sugestões e ordens).*

* Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que*).

* Afirmación (*sentenças declarativas afirmativas, frases impessoais*).

* Exclamación (<i>formas elípticas: Que + S + (tão) + Adj. p. e. Que dia tao lindo</i>), <i>sentenças e sintagmas exclamativos, p. e. Ei, esta é a minha bicicleta!, Magnífica bolsa!</i>).
* Negación (<i>sentenças declarativas, negativas com não, nunca, (não) nada, nenhum (a)m, ninguém</i>).
* Interrogación (<i>sentenças interrogativas diretas totais, sentenças interrogativas diretas QU-</i> (p.e. <i>de quem é a culpa?</i>), <i>interrogativas tag</i> (p.e. <i>isto é fácil, não é?</i>), <i>interrogativas eco</i>).
* Expresión do tempo pasado (pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-do-que-perfeito composto), presente (presente), futuro (futuro simples (+ Adv), haver-de).
* Expresión do aspecto puntual (<i>tempos simples</i>), durativo (<i>presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv), andar a + inf. Ir + Ger</i>), habitual (<i>tempos simples (+ Adv.), costumar + Inf</i>), incoativa (<i>desatar a + inf</i>), iterativas (<i>pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto, vir de + inf</i>).
* Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (<i>é capaz / incapaz de + Inf.; saber</i>), possibilidade/probabilidade (<i>ser possível / impossível + Inf.; talvez</i>); necesidade (<i>ser preciso / necessário + Inf.</i>); obrigación (<i>ser obrigatório + Inf.; imperativo</i>), permiso (<i>poder + Inf.; ser possível / permissivo + Inf.</i>); prohibición: (<i>(não) ser possível / permitido + Inf.</i>), intención; (<i>pretérito imperfeito gostar de + inf.; tratar de + inf.; pensar + inf.</i>).
* Expresión da cantidade (<i>Singular/Plural, Numerais cardinais e ordinais, Quantide: p.e. bastante, a maior parte de, mais/menos. Grau: p.e. consideravelmente, bastante bem</i>).
* Expresión do espazo (<i>preposições e advérbios de lugar, localização, distância, movimento, direção</i>).
* Expresión do tempo (<i>expressões, preposições e locuções de tempo (momento pontual (p.e. meio-dia), divisões (p.e. período, fim de semana) e indicações de tempo (p.e. atrás, cedo), duração (p.e. até, entre... si), anterioridade (anteontem, já), posterioridade (mais tarde, na semana que vem), sequência (em primeiro lugar, depois, em último lugar), simultaneidade (naquele momento), frequência (p.e. cada semana)</i>).

* Expresión do modo (*expressões, preposições e locuções prepositivas de modo, p.e. à pressa*).

6. MÍNIMOS ESIXIBLES

Para superar a materia, os alumnos deberán ser capaces de:

- Escribir con corrección frases curtas, adaptadas ao nivel de cuarto da ESO, nas que se use con a ortografía portuguesa (dígrafos –lh, -nh, -ç, -s-/ss-, -g-, -j, -x-) e a súa acentuación (en palabras agudas, graves e esdrúxulas) distinguindo e usando con corrección os diferentes tipos de acentos (agudo (´), grave (`) e circunflexo (^)).
- Coñecer os artigos definidos e indefinidos en portugués e empregalos correctamente.
- Coñecer os demostrativo invariables (*isto, isso, aquilo*) e empregalos correctamente en oracións breves.
- Recoñecer os adverbios de lugar (*aquí, aí e ali ou lá*) e empregalos con corrección.
- Coñecer os demostrativos variables (*este, esse, aquele*) tanto en singular e plural, como en masculino e feminino en oracións adaptadas ao nivel de terceiro da ESO.
- Coñecer os adxectivos e pronomes posesivos, utilizándoos con corrección e realizando exercicios baseados neles.
- Usar os pronomes interrogativos: (*Como? Onde? Que? Qual/quais? Quem? Quanto(s)/quanta(s)? Quando? O quê? Por quê? O que?*). Os alumnos deberán empregalos con corrección e realizar preguntas con eles.
- Usar os pronomes persoais con a función de obxecto directo (*me, o/a, nos, os/as*). Uso dos pronomes persoais con formas verbais rematadas en –r (*-lo, -la, -los, -las*) ou en –n (*-no, -na, -nos, -nas*). O alumno deberá coñecelos e empregalos correctamente, tanto resolvendo exercicios como en oracións realizadas por eles mesmos.
- Utilizar os pronomes persoais con función de obxecto indirecto (*me, te, lhe, nos, lhes*). O alumno deberá coñecelos e empregalos correctamente, tanto resolvendo exercicios como en oracións realizadas por eles mesmos.
- Os verbos regulares. Os alumnos deberán coñecer os seguintes tempos dos verbos regulares: Presente de Indicativo (nas tres conxugacións regulares), pretérito perfecto do indicativo (nas tres conxugacións regulares), pretérito imperfecto do indicativo (nas tres conxugacións regulares), futuro de indicativo (nas tres

conxugacións regulares). O alumno deberá coñecerlos e empregalos correctamente, tanto resolvendo exercicios como en oracións realizadas por eles mesmos.

- Os verbos *haver, ser e ter*. O alumno deberá saber conxugar todas as formas verbais destes verbos irregulares (presente de indicativo, pretérito perfecto do indicativo, pretérito imperfecto de indicativo, futuro de indicativo).
- Presentarse. Dar e pedir informacións de carácter persoal, profesional e de ocupación do tempo libre.
- Comprender informacións sobre o estado do tempo. Falar sobre o estado do tempo e as súas consecuencias.
- Coñecer diferenzas entre o portugués europeo e o portugués do Brasil.

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumando galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Con todo, cómpre ter en conta que partimos de que se trata dun proceso no que o profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas esenciais en portugués adaptadas ao nivel.
- Integramos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá a:
 - Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.
 - Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.
 - Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

8. AVALIACIÓN

8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a intención comunicativa e confirmar detalles predicibles, formular hipóteses de contido a partir de mensaxes orais breves (contactos sociais cotiáns, avisos e anuncios

contextualizados, previsións do tempo, explicacións e pasaxes sobre temas coñecidos, conversacións para satisfacer as necesidades máis básicas, etc.) sobre temas familiares, emitidos amodo, con claridade, en rexistro estándar e con posibles repeticións ou aclaracións.

- Captar a intención comunicativa, os puntos principais ou a información específica predicible de textos cotiáns, como mensaxes curtas de correo ou relacionados coas actividades diarias, letreiros, listados, documentos auténticos breves, de uso moi frecuente, instrucións sinxelas e relatos fáciles.

- Realizar breves intervencións e presentacións comprensibles, adecuadas e coherentes relacionadas cos seus intereses e coas necesidades de comunicación inmediatas, tales como: os contactos sociais cotiáns, intercambios sinxelos de información persoal e para obter bens e servizos, descrición breve de persoas, do lugar de residencia, traballo, actividades diarias, gustos, estados e intereses.

- Ofrecer información escrita sobre datos persoais e escribir mensaxes e pequenos textos sinxelos, relativos a aspectos concretos coñecidos tales como notas, SMS, breves cartas tipificadas, listas, instrucións, breves descricións de persoas e relacións de actividades.

- Comentar oralmente e por escrito aspectos elementais relacionados co ámbito de expresión da cultura galego-portuguesa no mundo.

8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado será cualificado en base aos criterios de avaliación que dita a lexislación e que se concretarán nos seguintes procedementos e instrumentos de cualificación:

1. Comprensión de textos orais (30%)

Avaliada con probas escritas. O alumno ou alumna oirá dúas veces dous textos escollidos de escoitas realizadas ao longo do curso e nos que terá que descubrir datos, cubrir espazos en branco, escoller afirmacións verdadeiras e falsas (incluíndo as solucións correctas) ou resolver unha audición con escolla múltiple.

2. Produción de textos orais (10%)

A produción oral precisa duns coñecementos e unha práctica previa por parte do alumnado, polo tanto será preciso que os alumnos se familiaricen coa lingua portuguesa para que se solten a falar.

Por esta razón, a valoración deste apartado en 1º de bacharelato ten pouco peso na cualificación final. Será avaliada progresivamente coa observación directa na aula.

3. Comprensión de textos escritos (20%)

Avaliada con probas escritas. Partindo dun texto escrito, ao alumnado formularánselle dúas cuestións de comprensión do mesmo e unha de significado dalgunhas palabras ou expresións elixidas que versarán sobre campos semánticos traballados no curso.

4. Produción de textos escritos (30%)

Avaliada con probas escritas. O alumno terá de redactar un pequeno diálogo (nun restaurante, nun hotel, nun café, nunha librería, nun encontro casual na rúa...) e outra redacción máis extensa (sobre 10 liñas) que versará sobre un tema traballado nas aulas.

5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe (10%)

Avaliada coa observación directa na aula.

8.3 AXUSTES PARA UN ENSINO NON PRESENCIAL

Se por calquera motivo, fose necesario abandonar o ensino presencial, os criterios de cualificación serán os mesmos, pero axustaranse os procedementos e instrumentos de avaliación, da seguinte maneira:

- As probas escritas, en caso de presenza física, realizaranse na mesma aula que o resto do alumnado, preferiblemente o mesmo día que o resto do grupo, se fose posible. En caso de ensino virtual, valorarase a plataforma máis axeitada para a realización das probas. Neste caso poderán utilizarse estratexias adaptadas a cada caso.
- A proba oral realizarase por medio de procedementos como arquivos de audio e vídeo, avaliándose mediante a rúbrica correspondente.
- Para a valoración das lecturas utilizaremos tamén arquivos de audio ou vídeo, ademais de videoconferencias individualizadas.
- A parte escrita dos traballos de investigación, creación ou comentario de textos entregarase a través da aula virtual do centro.
- Finalmente, modificaranse os apartados para cualificar o apartado de coñecemento da lingua (avaliada cun 10% da nota), da seguinte maneira:

- Conectarse regularmente nas horas de clase virtual (0,2)
- Está visible e coa actitude axeitada nas videoconferencias (0,2)
- Colabora activamente no desenvolvemento das clases (0,2)
- Mantén unha comunicación regular co docente e participa na actividade académica con regularidade (0,2)
- Envía os traballos ou tarefas na forma e prazo axeitados (0,2)

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

1. Como libro de texto empregaremos *Entre nós 1 Método de Português para Hispanofalantes* da autoría de **Ana Cristina Dias** da Editorial “Lidel”, por ser un método que contempla os niveis A1/A2 do *Cadro Europeo Común de Referencia para as Linguas (CECRL)* e que ten como obxectivo preparar ao alumno para actuar nas situacións de comunicación que se contemplan nas metas definidas para estes niveis.
2. Materiais de audio (CD) para potenciar a comprensión de textos orais.
3. Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión oral. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen lendas.
4. Filmes portugueses adaptados ao nivel do alumnado.
5. Textos literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís...

10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

10.1. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

A materia de lingua portuguesa debe contribuír a acadar os obxectivos que se establecen no Proxecto lector de centro. O fomento da lectura non só se debe realizar nas linguas de uso habitual do alumno. A tal fin establécese un plan anual de lectura, de xeito que o traballo progresivo e continuado na formación da lectura comprensiva garanta a paulatina capacitación do alumnado no dominio lingüístico do portugués. As liñas mestras deste plan ou programa anual de lectura son as que seguen:

- Traballo diario con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, etc.

- Ler fluidamente e con actitude crítica, vendo na lectura unha fonte de pracer e ampliación de experiencias.
- Escenificación na aula por parte dos alumnos de breves textos dramáticos.
- Práctica de lectura comprensiva con especial atención ós recursos expresivos.
- Favorecer as actitudes favorables á lectura, mediante a creación de ambientes lectores, tendo como referente a biblioteca do centro.

10.2. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

A integración das tecnoloxías da información e a comunicación nos procesos de ensino-aprendizaxe é un recurso máis ao que non se pode renunciar. O mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e comunicación nos ofrecen implica necesariamente un cambio metodolóxico e unha adaptación necesaria.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo na aula convértese nunha peza fundamental para a educación e formación das novas xeracións. Trátase, en definitiva, de que os alumnos, ao rematar esta etapa educativa, teñan adquiridos os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Isto é, que os alumnos acaden unha competencia dixital que lles permita dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Partindo da premisa de que unha boa parte dos alumnos dispoñen destas ferramentas no domicilio familiar, levaremos adiante actividades de aula tanto de forma individual como colectiva que impliquen traballar coas novas tecnoloxías, pois permiten achegar o alumno ao mundo dos países de fala portuguesa coa grande diversidade cultural que lle aportan, tales como:

- Busca de información a través das novas tecnoloxías para contrastala coa obtida nas fontes tradicionais, mediante a elaboración de traballos monográficos. Como a maior parte da información que se rexistra en internet vén do xigante brasileiro, cómpre que o alumnado sexa consciente da orixe da información (por exemplo, debe diferenciar os documentos que proveñan dun buscador *.pt* que terán a súa orixe no portugués europeo dos que proveñan dun buscador *.br.com* que procederán do portugués do Brasil).
- Intercambio de información e arquivos entre os membros da aula.

- Utilización dos recursos que se poden atopar en Internet : Google Docs, mapas conceptuais, a web docente...
- Ferramentas de imaxe moi importantes na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: ferramentas web para o tratamento de imaxes, visionado de vídeos de youtube e sobre todo o aproveitamento de presentacións de power point que circulan pola rede e que achegan o alumnado á realidade do mundo lusófono, tan rico e variado.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Está previsto realizar unha viaxe didáctica a Portugal co alumnado de Lingua Portuguesa do noso centro. Aproveitaremos para visitar algunha cidade do norte do país, como Valença, Viana Ponte de Lima ou Guimarães, pasando todo o día nela. Isto facilitará o contacto coa lingua en situacións do día a día e redundará no apoio á materia vista na clase.